

Alga e Fungo

de SANTIAGO PROL BLANCO

A coidada edición deste poemario, imprentado o 17 de maio en Gráficas Palermo de Pontecesures, reflicte, a maneira de traxe impecable, o contido, a sustancia literaria que Santiago Prol Blanco, profesor de inglés no colexio de Baño (Valga), pretendeu ou quixo expresar con mirada disfrazada unha realidade sentimental que pode ser a de moitos de nós. Sin saber cómo nin por qué o meu pensamento, tan pronto leeu o título, pensou en Venus e Adonis, en Romeo e Xulieta, en Tristán e Isolda...amores apaixonados que nunca pasan de moda e quedan impregnados ó longo da historia da humanidade inflamando, inspirando millor, obras nas que haxa un corazón que debece por amar e sentirse amado e completar, así, o ciclo erótico de dous protagonistas inevitabeis: el / ela (tamén eu/ti) Según o «guieiro cultural» de *A Nosa Terra*, que publicou unha breve reseña o pasado 20 de maio, «polas páxinas de *Alga e Fungo* pululan personaxes á espera de chamadas definitivas, nostálxicos de amores perdidos ou escépticos cheos de frío que xa non agardan nda bon da vida. Santiago Prol escribe e edita o seu poemario cheo de referencias á vida cotiá, aos obxectos que nos dominan e, tamén, aos autores 'culpabeis' dos seus versos preferidos. Palabras que dan sentido á existencia cando semella que o mellor xa quedou atrás» Santiago Prol quere facer constar que, alomenos na segunda parte do poemario, «non é tan pesimista como deixan entrever»

A primeira sensación que o lector percibe, ó entrar de cheo na lectura deste poemario, é a presenza inmanente dun anónimo protagonista: *el*. Efectivamente, o pronome persoal de terceira persoa, anónimo en si mesmo, é trasunto, sinal inequívoca, nesta ocasión, dun amante incompleto que, en toda a primeira parte, parece que se sente mortificado, torturado pola ausencia da amada. Ese *el* garda pensamentos nostálxicos e para realizarse, completarse, ten que arriscarse no dilema da dúbida. A sensación de que o único camiño escollido é unha perversidade, ten como saída, que se amosa como máis evidente, a fuxida cara adiante ou cara as lembranzas.

A segunda parte semella descubriarnos inquedas ilusións. O tempo, aquí, son as tardes do día «nas que ela non está» Son os espazos do tempo nos

que aínda se poden agachar, con total impunidade, o secreto máis auténtico, pero tamén hai os espazos naturais, xeográficos, nos que queda a pegada dun recordo innarcesible.

O que, finalmente, parece quedar como un pouso é unha traxedia que cubre como un pano pesimista o último capítulo do libro:

*Sucedera o impacto frontal
cando a noite acochaba ós seus irredentos
Sen advertencias
impasíbel -como case sempre-
levouno súbitamente
a un estado terminal irreversíbel
Foran
once pardentos e interminábeis luscofuscos
once brutais e subversivos días
O alento concatenado ó artificio tubular
inútil/ solidario
salferira
de látex pringoso
de reixas enferruxadas
o seu infausto espírito.*

alga e fungo

Santiago Prol



Aparecera na súa vida
sen aviso previo
Non houbera intermediarios
só certo azar cósmico
soprando a favor
e quizais
algunha fada benfeitora
Convertírase en okupa
no mesmo instante
no que ela o deixara flasheado
Renunciara sen obxeccións
a unha sólida posición social
Construíra sen mirar para atrás
un gratificante camiño ó seu la
.....